



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003589

RESOLUCIÓN Nº 27190/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2019-ÁREA DE ARTES E HUMANIDADES

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da presidencia n.º 24157, do 11 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2019-Área de artes e humanidades e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no dito prazo presentáronse as seguintes alegacións:

Sara Carreño López solicitou a revisión da súa puntuación no apartado de currículo académico, alegando que non se valoraron correctamente os apartados de “comunicacións a congresos” e “publicacións”.

Con data 2/08/2019 o tribunal emitiu informe no que explica:

* no apartado de “publicacións” ten 0,2 puntos sobre un máximo de 0,5 xa que das catro publicacións que presenta, só dúas teñen ISBN ou ISSN.

* no apartado de “comunicacións a congresos” ten 0,25 puntos sobre un máximo de 0,5 xa que, aínda que presenta aportacións en sete congresos dos que cinco se presentan coa denominación de “internacional”, só poden valorarse como “locais” xa que non basta con que se celebren fóra de España nin que haxa ponentes doutros países para ter esa cualificación; requírese que o comité científico do congreso sexa internacional (para os congresos internacionais) ou que estea formado por membros de diferentes universidades (para os congresos nacionais).

En base ao sinalado, desestímase a alegación.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Desestimar as alegacións presentadas por Sara Carreño López.

2.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: CORTÉS LÓPEZ, MIRIAN ELENA

Expediente: 2019000011653

Título do proxecto obxecto da bolsa: Arquitectura de indianos nas comarcas do Barbanza, Noia e Muros. Catalogación e proposta para a difusión dun patrimonio en risco.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: MOLINA QUIROGA, BERIO

Expediente: 2019000011703

Título do proxecto obxecto da bolsa: O obxecto sonoro caligráfico: definición, análise e estilo.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: RIVADULLA COSTA, DIEGO

Expediente: 2019000011736

Título do proxecto obxecto da bolsa: O teatro galego da memoria.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: SEOANE NOVO, CRISTINA

Expediente: 2019000011774

Título do proxecto obxecto da bolsa: Proposta de estudo e dinamización da cultura castrexa no concello de Boimorto: o Castro de Corredoiras como fío condutor.

Importe da bolsa: 8.000 €

3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, do seguinte xeito:

* 24.000 € con cargo ao documento contable A, operación nº 220190014231.

* 8.000 €, con cargo ao documento que se expida, logo de minorar o documento contable A, operación nº 220190014234, e o seu correspondente RC, operación nº 220190003972, de acordo co establecido nas resolucións nº 24152 (expediente 2019000003594) e nº 24157 (expediente 2019000003589).

4.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Perez Lorenzo, Manuel

Suplente 2: Garcia Lopez, Marina

Suplente 3: Carreño Lopez, Sara

Suplente 4: Lopez Lopez, Yolanda

Suplente 5: Penedo Vazquez, Eva

Suplente 6: Cañon Voirin, Julio Lisandro

Suplente 7: Fontan Bestilleiro, David

Suplente 8: Rei Garcia, Adrian

Suplente 9: de la Torre Llorca, Maria Jesus

Suplente 10: Bella Piñeiro, Maria Engracia

Suplente 11: Bustelo Abuin, Julian

Suplente 12: Mouriño Schick, Andrea

Suplente 13: Costa Moreira, Marco Antonio

5.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.